

EXEMPLOS DE PERIGO

CLASE 1
Materias e obxectos explosivos

Num. 1 Signo convencional	Num. 1.4 División 1.4	Num. 1.5 División 1.5	Num. 1.6 División 1.6
----------------------------------	------------------------------	------------------------------	------------------------------

CLASE 2
Gases

Num. 2.1 Gases inflamables	Num. 2.2 Gases non inflamables, non tóxicos
-----------------------------------	--

Num. 2.3

Gases tóxicos

CLASE 3
Líquidos inflamables

Num. 3 Signo convencional

CLASE 4.1
Materias sólidas inflamables, mat. autorreactivas e mat. explosivas desensibilizadas

Num. 4.1 Signo convencional	CLASE 4.2 Materias espontaneamente inflamables	CLASE 4.3 Materias que, ó contacto coa auga, desprenden gases inflamables
Num. 4.2 Signo convencional	Num. 4.3 Signo convencional	Num. 4.3 Signo convencional

CLASE 5.1
Materias comburentes

Num. 5.1 Signo convencional	CLASE 5.2 Peróxidos orgánicos	CLASE 6.1 Materias tóxicas	CLASE 6.2 Materias infecciosas
Num. 5.2 Signo convencional	Num. 6.1 Signo convencional	Num. 6.1 Signo convencional	

CLASE 7
Materias radiactivas

Num. 7A Categoría I - Blanca	Num. 7B Categoría II - Amarela	Num. 7C Categoría III - Amarela	Num. 7E Materias fisiónables
-------------------------------------	---------------------------------------	--	-------------------------------------

CLASE 8
Materias corrosivas

Num. 8 Signo convencional

CLASE 9
Materias e obxectos perigosos diversos

Num. 9 Signo convencional

LEMBRE

A práctica da autoprotección polos cidadáns, ademais de favorecer a cada un deles, xera a seguridade do colectivo.

Ante calquera situación de emerxencia chame ao teléfono

112

Para máis información
www.112sosgalicia.org

30

1202

MERCADORÍAS PERIGOSAS




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA
Dirección Xeral de Protección Civil




- Considéranse mercadorías perigosas todas aquelas sustancias que durante o seu proceso de produción, almacenamento ou distribución, en caso de accidente durante o seu transporte por estrada ou ferrocarril, poden supoñer risco para a poboación, os bens e o medio ambiente.

Panel de sinalización dos vehículos que transportan mercadorías perigosas



!!CASO DE ACCIDENTE ANOTE ESTES NÚMEROS E COMUNÍQUEO ÁS AUTORIDADES!!

QUE FACER EN CASO DE EMERXENCIA



- ✓ Aumente a distancia de seguridade se se atopa próximo a vehículos que transporten mercadorías perigosas, e extreme as precaucións en caso de adiantamento.
 - ✓ Nos aparcamentos e zonas de descanso é recomendable evitar o estacionamento demasiado próximo a este tipo de vehículos.
 - ✓ Se conducindo detrás dun destes vehículos observa unha anomalía, como derramamento ou fuga do contido, comuníquello urxentemente ás autoridades.
 - ✓ En caso dun accidente dun camión ou cisterna que transporte algunha mercadoría perigosa, é importante que se manteña o máis lonxado posible sen intervir.
- ✓ Se é posible e sen correr riscos alleos, anote os números do panel laranxa e comuníqueo ás autoridades.
 - ✓ Evite situarse na dirección do vento, por se houber algún elemento en suspensión que puidera afectar á saúde.
 - ✓ Se ocorre un sinistro destas características preto da súa casa, lembre pechar as fiestras, miradores, portas externas, e baixe as persianas. Non se esqueza de pechar a chave de paso do gas, así como facer saltar o automático da luz.
 - ✓ Permaneza atento ás informacións oficiais e siga as indicacións dos equipos de expertos que atenden a emerxencia.